

8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

8.2. PERSOAL

Normas de funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia.

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 24 de xullo de 2001, aprobou as Normas de funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2001

José María García Leira

Presidente

Normas de funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia.

Artigo 1.- Obxecto.

1.- As presentes normas teñen por obxecto regular o funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia, que é o órgano colexiado e paritario de participación do persoal ó seu servizo e dos que exercen a representación da Administración da Cámara, destinado á consulta regular e periódica das actuacións da institución en materia de prevención de riscos laborais.

2.- O comité configúrase como o órgano de encontro entre os representantes do persoal e o Parlamento para o desenvolvemento dunha participación equilibrada en materia de prevención de riscos laborais no Parlamento de Galicia.

Artigo 2.- Ámbito de actuación.

O comité desenvolve a súa actuación no ámbito do Parlamento de Galicia e exercerá as súas funcións en relación con todas aquelas cuestións que poidan afectar a seguridade, a saúde e a prevención de riscos laborais do persoal que se atopa ó servizo do Parlamento de Galicia ou do persoal que presta os seus servizos para as empresas que desenvolven a súa actividade na sede da Cámara.

Artigo 3.- Composición.

1.- O comité está composto por catro membros.

En representación do Parlamento de Galicia forman parte do comité:

- Un membro da Mesa do Parlamento de Galicia.

- Un funcionario designado por la Mesa del Parlamento de Galicia.

En representación do persoal ó servizo do Parlamento de Galicia formarán parte do comité:

- Dous delegados de prevención designados pola Xunta de Persoal de entre os seus membros.

No suposto de que non exista Xunta de Persoal, os delegados de prevención serán elixidos en asemblea polos funcionarios da Cámara. Producirase o seu cesamento cando, constituída unha Xunta de Persoal, designe os correspondentes delegados de prevención.

Ambas partes poden designar os correspondentes suplentes, que poderán acudir ás reunións do comité en substitución dos membros titulares, sen prexuízo das suplencias dos cargos de presidente e de secretario previstas no artigo 6, apartados 4 e 6.

2.- Dada a súa configuración como órgano de participación e consulta, as comunicacións que se lles remitan ós delegados de prevención ou á Xunta de Persoal –en cumprimento do disposto no artigo 3, apartado 5, das Normas en materia de representación e participación do persoal ó servizo do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 414, do 29 de maio de 1993)– e os informes ou as propostas que os delegados de prevención ou a Xunta de persoal deban formular en materia de prevención de riscos laborais, conforme os apartados 6 e 7 do mesmo artigo, serán cursados a través do comité.

3.- O comité poderá solicitar o asesoramento que estime oportuno para o mellor coñecemento e valoración das cuestións e materias que son obxecto da súa competencia.

Artigo 4. Competencias.

O comité exercerá as seguintes competencias:

a) Coñecer con carácter previo á súa adopción as decisións que lles corresponda tomar ós órganos de goberno da Cámara para dar cumprimento á Lei de prevención de riscos laborais e, en xeral, as que na dita materia poidan afecta-lo persoal ó servizo do Parlamento de Galicia, así como formular ante os ditos órganos as suxestións e propostas que ó respecto estime convenientes.

De xeito específico, a dita participación no procedemento de adopción de decisión terá lugar nas seguintes cuestións:

- Elaboración, posta en práctica, avaliación e revisión dos plans e programas de prevención de riscos laborais no Parlamento de Galicia e de formación e información en materia de prevención.

- Estudio da incidencia que nos riscos laborais poidan produci-la planificación, organización do traballo e introducción de novas tecnoloxías no Parlamento de Galicia.

- Elaboración de plans e programas contra incendios, de evacuación e ante situacións de emerxencia.

b) Promover iniciativas nas seguintes materias:

- Métodos e procedementos para a efectiva prevención dos riscos laborais e mellora, se é o caso, das condicións de traballo no Parlamento de Galicia e a corrección das deficiencias que poidan observarse.

- Determinación do modelo, composición e tipo de expertos necesarios para a constitución do Servizo de Prevención, así como a planificación de actividades que este debe desenvolver e a avaliación do seu funcionamento.

- Asignación orzamentaria para a organización dos recursos de prevención e cursos de formación.

- Defensa da saúde individual do persoal ó servizo do Parlamento de Galicia, mediante a identificación dos riscos e perigos que deben ser obxecto de avaliación e control.

- Distribución, adecuación, asignación e uso dos diversos espazos da Cámara.

- Formación do persoal ó servizo do Parlamento de Galicia en materia de prevención de riscos laborais e participación en actuacións que se establezan para a correcta aplicación da lexislación vixente na materia.

- Información, ensino e divulgación, en materia de seguridade e saúde laboral, do persoal ó servizo do Parlamento de Galicia.

- Medidas necesarias para garanti-la observancia da normativa en materia de prevención de riscos laborais polas empresas que desenvolven a súa actividade na sede da Cámara ou ó servizo dela.

Artigo 5. Facultades.

Para o cumprimento das funcións descritas no artigo anterior correspóndelle ó Comité de Seguridade e Saúde:

a) Ser informado das actuacións que realicen ou programen os delegados de prevención no exercicio das competencias que lles asigna a Lei de prevención de riscos laborais.

b) Ser informado das actuacións que se realicen ou programen polo/a funcionario/a ou funcionarios/as designados pola Cámara, no exercicio das súas competencias, para ocuparse da prevención de riscos laborais.

c) Coñece-los estudos e informes emitidos polo Servizo de Prevención ou calquera entidade ou organismo competente en materia de prevención de riscos laborais.

d) Emitir informe sobre a programación anual do Servizo de Prevención e ser informado sobre as súas actuacións.

e) Ser informado das actuacións que se realicen ou se programen polo/a funcionario/a ou funcionarios/as designados pola Cámara para poñer en práctica as medidas que deban adoptarse en situacións de emerxencia e comprobar periodicamente o seu correcto funcionamento.

f) Coñecer directamente a situación relativa á prevención de riscos laborais no Parlamento de Galicia e para tal efecto efectua-las visitas que estime oportunas, informar inmediatamente os órganos de goberno

da Cámara dos datos obtidos e eleva-las propostas que estime necesarias.

g) Coñece-la documentación relativa ás condicións de traballo do persoal ó servizo da Cámara que sexa necesaria para o cumprimento das súas funcións.

h) Coñecer e avalia-los danos que poidan producirse na saúde ou a integridade física do persoal ó servizo da Cámara e propoñe-los estudos e as medidas preventivas.

i) Promove-la participación e colaboración dos traballadores e das traballadoras ó servizo da Cámara en materia de prevención e recoller e estudia-las súas suxestións e propostas.

j) Con respecto ás empresas que desenvolven a súa actividade na sede da Cámara, a fin de poder velar pola observancia, nestes casos, da normativa en materia de prevención de riscos laborais, o comité poderá:

- Realizar reunións conxuntas coas ditas empresas e cos seus comités de seguridade e saúde.

- Solicitar que se lle remita ó comité a documentación necesaria para comprobar que aquelas cumpren coa normativa de prevención de riscos laborais.

- Propoñe-la adopción de medidas de coordinación que estime oportunas, conforme o previsto no artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Artigo 6. Órganos.

1.- Son órganos do comité os seguintes:

- a) O pleno.
- b) A presidencia.
- c) A secretaría.

2.- O pleno está integrado por un presidente, un secretario e dous vocais.

A presidencia e a secretaría serán desempeñados, de forma rotatoria e por períodos anuais, por tódolos membros do comité. O acordo que se adopte para o

efecto en cada semestre respectará o carácter paritario do comité de xeito que non poderán atribuírselles simultaneamente os ditos cargos ós membros dunha das partes do comité.

3.- Correspóndenlle á presidencia as seguintes funcións:

a) Acordar coa secretaría a convocatoria das sesións ordinarias e acorda-las extraordinarias, por propia iniciativa ou conxuntamente coa secretaría, así como a fixación das ordes do día, tendo en conta, se é o caso, as peticións dos demais membros do comité.

b) Presidi-las sesións, modera-lo desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

c) Representa-lo comité, salvo que este acorde conferirlle a representación a outro membro.

d) Asegura-lo cumprimento da lexislación vixente no desenvolvemento das reunións do comité.

e) Visa-las actas e certificacións dos acordos adoptados no seo do comité.

f) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente.

4.- En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente será substituído no seu cargo pola persoa que se designe para suplilo ou, no seu defecto, por un vocal.

5.- Correspóndenlle á secretaría as seguintes funcións:

a) As subliñadas no apartado a) das funcións do presidente.

b) Cursa-las convocatorias.

c) Recibi-los actos de comunicación internos ou externos dirixidos ó órgano e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos remitidos ó comité.

d) Prepara-lo despacho dos asuntos, redactar e dar fe das actas das sesións.

e) Expedir certificacións das consultas, dictames e acordos aprobados a quen acredite a titularidade dun interese lexítimo para que lle sexan expedidas as ditas certificacións.

f) Asegura-la publicidade de actuacións, acordos, dictames e resolucións do comité entre todos e cada un dos traballadores e das traballadoras ó servizo do Parlamento de Galicia.

g) Remitir-lles ás institucións e empresas, nas que os seus traballadores e as súas traballadoras presten os seus servizos habitual ou temporalmente nas dependencias do Parlamento de Galicia, os acordos e as resolucións adoptados polo comité en relación con aquelas.

h) Cantas outras funcións sexan inherentes á condición de secretario.

6.- En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído no seu cargo pola persoa que se designe para suplilo ou, no seu defecto, por un vocal.

7.- Correspónden-lles ós membros do comité as seguintes funcións:

a) Recibir con 48 horas de antelación as convocatorias das reunións, así como a información sobre os temas que figuren na orde do día.

b) Participar e colaborar nos debates das sesións.

c) Exerce-lo seu dereito ó voto, así como expresalo sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

d) Formular rogos e preguntas.

e) Obte-la información e formación precisa para cumprir-las funcións asignadas.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

8.- Ningún membro do Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia poderá exercer-la súa representación, salvo que expresamente se lle outorgue por un acordo do comité.

9.- O comité poderá constituír comisións ou ponencias de traballo de natureza paritaria para abordar ou realiza-lo seguimento de problemas específicos. Estas rexeranse polas mesmas normas de funcionamento establecidas no presente regulamento, e o tempo dedicado para esta función terá a consideración de traballo efectivo.

Artigo 7.- Réxime de reunións.

1.- Para a válida constitución do Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia deberán estar presentes, cando menos, tres dos seus membros ou, se é o caso, os seus suplentes.

2.- O Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia realizará unha reunión ordinaria cada tres meses, a primeira semana que non haxa sesión plenaria da Cámara, por convocatoria do presidente e secretario, e, en sesión extraordinaria, cando así o acorden o presidente e secretario ou o solicite unha das partes representadas nel.

3.- As sesións extraordinarias convocaranse nos seguintes casos:

a) Accidentes ou danos graves.

b) Incidentes con danos graves.

c) Requirimento por incumprimentos.

d) Denuncias de calquera tipo, incluídas as de problemas medioambientais.

e) Balance anual do plan de prevención e informe da memoria e programación do Servizo de Prevención.

f) Informe semestral para avalia-las actuacións levadas a cabo verbo do plan de prevención e actualización se é o caso, e emitir informe en relación coa memoria e programación do Servizo de Prevención. O informe deberá facer referencia, alomenos, ás seguintes cuestións:

- Nivel de aplicación e resultados do plan de prevención.

- Resultados de eventuais controis ambientais ou actividades de vixilancia da saúde.

- Evolución da sinistralidade laboral no Parlamento de Galicia.

- Incidencia de enfermidades que causasen baixas laborais.

3.- As reunións do Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia convocaranse por escrito con 48 horas de antelación como mínimo, con data, lugar, hora e unha orde do día previamente acordada polo presidente e secretario.

4.- Nos casos de urxencia poderase prescindir das formalidades anteriores e convocaranse os membros do Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia na forma máis rápida posible. O dito extremo farase constar expresamente na acta da reunión.

5.- Se algún dos membros titulares do Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia non pode asistir á reunión convocada, por circunstancias persoais ou nos supostos de vacantes, ausencia, enfermidade ou outra circunstancia xustificada, remitiráselle ó seu suplente a correspondente convocatoria.

6.- Nas reunións do Comité de Seguridade e Saúde participarán, con voz pero sen voto, os delegados sindicais acreditados no Parlamento de Galicia, os membros da Xunta de Persoal e os responsables técnicos de prevención na Cámara que non sexan membros do comité. Tamén poderán participar nas reunións do comité, con voz pero sen voto, persoas ó servizo da Cámara que contan cunha especial cualificación ou información en cuestións que se debatan neste órgano, así como os asesores, especialistas e técnicos que o comité considere necesario para o exercicio das súas funcións.

7.- Os acordos tomaranse por maioría de votos.

Artigo 8. Orde do día.

O presidente e o secretario incluírán na orde do día as peticións formuladas por ámbalas partes. Poderán tratarse no comité, logo de acordo adoptado para o efecto, asuntos urxentes que non fosen incluídos na orde do día.

Artigo 9. Actas das reunións.

1.- Será preceptivo redactar unha acta de tódalas sesións do Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia, na que se especificará necesariamente os asistentes e a condición pola que o fan, o titular ó que suplen se é o caso, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, tódolos asuntos tratados e os acordos adoptados, así como os asuntos nos que non se chegou a acordo e os motivos de discordancia. Así mesmo, calquera membro poderá solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou no prazo que se acorde, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.

2.- As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte reunión. Non obstante o secretario poderá expedir certificación sobre os acordos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

3.- Da acta redactada polo secretario entregaráselle unha copia a cada un dos membros do comité, para o efecto de que lle manifeste a aquel as observacións que considere oportunas, para a súa aprobación definitiva na seguinte reunión.

4.- Aprobada a acta, esta debe ser obxecto de publicidade en tódolos taboleiros de anuncios da institución. Unha vez subscripta polos membros do comité seralle remitida á Mesa do Parlamento de Galicia.

Artigo 10.- Publicidade da actividade do comité e participación do persoal nas súas accións.

1.- Tanto as convocatorias, coma as actas, os acordos, os dictames ou as resolucións do Comité de Seguridade e Saúde deberán ser obxecto de publicidade entre todo o persoal do seu ámbito, para o que se utilizarán os taboleiros de anuncios da institución. O secretario velará polo cumprimento desta norma.

2.- Todo o persoal que preste habitual ou temporalmente os seus servizos no Parlamento de Galicia poderalle elevar ó Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia as queixas, suxestións ou pro-

postas que estime convenientes. Estas deberanse realizar por escrito e a través do Rexistro xeral do Parlamento de Galicia, sen prexuízo de que poidan efectuarse ante os servizos de seguridade do Parlamento nas horas e días en que o Rexistro xeral permaneza pechado. Os membros do comité colaborarán na elaboración ou redacción dos citados escritos, nos casos que así se lles solicite.

3.- As queixas, suxestións e propostas formuladas polo persoal citado no anterior apartado así como os acordos ou as resolucións adoptados ó respecto polo Comité de Seguridade e Saúde do Parlamento de Galicia serán publicados na forma descrita no apartado primeiro deste artigo.

Artigo 11. Coordinación en prevención.

O comité realizará unha reunión inicial e as reunións periódicas que estime necesarias coas empresas ou cos seus comités de Seguridade e Saúde que desenvolvan a súa actividade na sede da Cámara ou ó servizo da institución, a fin de coordinar as accións que se consideren oportunas a prol da aplicación da normativa en materia de prevención de riscos laborais.

Artigo 12. Medios materiais.

1. O Parlamento de Galicia deberalles proporcionar ós delegados de prevención os medios e a forma-

ción que resulten necesarios para o exercicio das súas funcións.

2. A formación terá que facilitala o Parlamento polos seus propios medios ou mediante concerto con organismos ou entidades especializadas na materia e deberá adaptarse á evolución dos riscos e á aparición doutros novos, repetíndose periodicamente se fose necesario.

3.- O tempo dedicado á formación considerarase como tempo de traballo para tódolos efectos e o seu custo non poderá recaer de ningún xeito sobre os delegados de prevención.

4.- Terá a consideración de traballo efectivo, e, polo tanto, non se computará como crédito horario a cargo do de representación do persoal, o tempo dedicado a reunións do comité, a reunións convocadas polo empresario en materia de prevención e o das visitas previstas nos apartados a) e c) do número 2 do artigo 36 da Lei 31/1995.

Disposición derradeira.

Estas normas entrarán en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.